

XXXIX
ROMAXE DE CRENTES GALEGAS/OS

MONTE SEIXO, CERDEDO (PONTEVEDRA),

SÁBADO, 10, DE SETEMBRO, 2016



“Romeiros do Alén”

A “**Asociación Irimia**” e as asociacións “**Capitán Gosende**” e “**Canón de Pau**” comprácese en **convidarte** xunto cos demais membros da túa comunidade, parroquia, grupo, asociación, familiares e amigos/os a compartir con nós a ledicia de vivir e gozar dunha xornada de irmandade e convivencia en sintonía co compromiso social, dende a **fe e a galeguidade**, dende a mutua sintonía e respecto a tódalas verdades e razóns, dende a tolerancia a tódalas ideas. Co lema: “**Romeiros do Alén**”, esperamosvos no máxico e mítico monte Seixo, para celebrar, profeticamente reivindicar xustiza e gozar dun día entre amigos/os e afíns.

Como ben di **Calros Solla**: O monte Seixo é a máxima expresión da serra do Cando, espiñazo enfesto da provincia de Pontevedra, na altura -por riba dos 900 m.- acaróanse as estremas dos concellos de Ceredo, Forcarei, Cotobade e a Lama. Dende o curuto do Seixo, o outeiro do Coto, cumio localizado a 1015 m. de altitude, dexérganse os mares de Arousa, Pontevedra, Vigo e o “mar alto”, cando zoa a nortada, o Seixo convértese en privilexiado miradoiro, e o país amosa garrido tódolos seus horizontes.

Non é casualidade que un caprichoso afloramento granítico neste engaiolante monte Seixo, leve por nome **Porta do Alén (Portalén)**, a el vincúlense antigas ritualidades que tiñan por obxecto a conexión coa ultratumba.

A nosa **Celebración-festeira**, anunciadora de fe e galeguidade e reivindicadora do que é xusto, pero tamén de esperanza e campestre xantar, será a-carón da actual capela de **Santa Mariña**. As tradicións míticas de Santa Mariña do Incio (Lugo), Antela e Augasantas (Ourense), converxen no máxico crisol de **Santa Mariña do Seixo** (Pontevedra).



A Portalén -Porta do Alén- no mítico monte Seixo

Esperámosvos a todas e todos nesta telúrica paraxe, tan humana e socialmente representativa da loita po la sobre-vivencia e a súa conservación.

-Sabede que se chega ao lugar da **Celebración** tanto en coche como en autobús, (sen problemas).

-No lugar da **Celebración** atoparemos á venda os textos da mesma, para poder seguila; tamén medallóns de Sargadelos, conmemorativos desta **Romaxe**, ademais de outros materiais de **Irimia**

-Contarase cunha tenda e toldo para degustar o polbo

-A música dos amigos da **Quenlla**, xunto con outras músicas do lugar, encherán o espazo na Celebración e na festa.

HORARIO DA ROMAXE:

11:00 Acollida de romeiros (cun petisco)

12:00 Celebración “Romeiros do Alén”

14:00 Xantar campestre e solidario

16:00 Festa

18:30 Oración da tardiña en San Xurxo de Sacos,
(Preparan as compañeiras/os de Vigo)



Capela de Santa Mariña e vista das rías desde o monte Seixo